

QUERO SER PRESIDENTE, DE XOSÉ RÚAS ARAÚJO, PRESENTÁSE NA FEIRA DO LIBRO DE OURENSE



Xosé Rúas Araújo, Francisco Rodríguez e Henrique Alvarellos

- O autor estivo acompañado polo alcalde da cidade, Francisco Rodríguez, a quen asesorou como candidato nas últimas eleccións municipais.
- Rúas anunciou que Ourense acollerá, en maio de 2010, un congreso internacional de expertos en comunicación política.
- O editor, Henrique Alvarellos, sinalou que *Quero ser presidente* é o primeiro manual destas características que se publica en galego, “polo que suporá unha achega importante no eido da comunicación electoral”.

Quero ser presidente. Claves da comunicación electoral do profesor da Universidade de Vigo, xornalista e asesor electoral, Xosé Rúas Araújo (Coles-Ourense, 1970) foi presentado na Feira do Libro de Ourense, nun acto que contou coa participación do autor, do alcalde da cidade, Francisco Rodríguez mailo editor Henrique Alvarellos.



Xosé Rúas Araújo afirmou que “o que pretendín foi facer un libro divulgativo que mostrase a cara oculta das campañas electorais. Tiven a oportunidade de coñecer ben aos políticos, como xornalista, como docente e estudioso do tema, e tamén como asesor”. Así mesmo destacou que “na política non hai verdades absolutas aínda que o pareza vendo moitas campañas electorais; nelas dase unha verdadeira polarización, onde todo é branco ou negro, onde non existe escala de grises”.

O alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez, agradeceu a Rúas o seu labor de asesor electoral nas últimas eleccións municipais: “Hai pouco máis dun ano –dixo- Xosé Rúas e mais eu aínda compartiamos o esforzo e moitas das técnicas que agora nos amosa neste libro. A necesidade dunha planificación axeitada, da adecuación da mensaxe ao noso público obxectivo, do coidado da linguaxe xestual, dos diversos xeitos de preparar un debate. (...) A prosa viva e salferida de anécdots e ironía no máis puro estilo galaico de Xosé Rúas condúcenos a través das vivencias deses momentos intensos, de traballo de sol a sol, que sen embargo non serían nada sen a axeitada planificación”.

O editor, Henrique Alvarellos, subliñou pola súa banda que “*Quero ser presidente* é toda unha novidade no panorama editorial en galego, pois trátase do primeiro libro de comunicación electoral destas características que se publica na nosa lingua”.

Finalmente, o autor anunciou que en maio de 2010 a cidade de Ourense acollerá un importante congreso internacional que convocará aos mellores asesores electorais e expertos en comunicación política do momento.

TON DIDÁCTICO, AMENO E HUMORÍSTICO

Xosé Rúas utiliza neste volume a súa dilatada traxectoria como xornalista, columnista, profesor, investigador universitario e asesor de comunicación política, para achegarnos, nun ton didáctico e ameno, enriquecido por constantes anécdots e notas de humor, as claves teóricas e técnicas da propaganda e do marketing electoral.

Escrito por un experto teórico e profesional galego de referencia, *Quero ser presidente. Claves da comunicación electoral* ha marcar un antes e un despois nas estratexias electorais empregadas no noso país. Resultará imprescindible e mesmo revelador para calquera especialista ou curioso por coñecer un pouco máis o apaixonante mundo que se agocha detrás de cada campaña electoral.

A OPINIÓN DOS EXPERTOS

“O libro de Xosé Rúas está cheo de intelixencia práctica e ha ser unha lectura obrigada para calquera que guste do máxico mundo electoral, onde flúen os intereses e os soños, a democracia e o desexo. Unha boa entrega á bibliografía galega sobre comunicación política e unha proposta de debate sobre os procesos electorais e todo o que vai con eles”.

Fermín Bouza

Catedrático de Opinión Pública da Universidad Complutense de Madrid (UCM)



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52

“Descubre unha dimensión descoñecida da política e das campañas electorais que todo votante debería coñecer”.

Pere Oriol Costa

Catedrático de Comunicación Política da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)

“Directas, divertidas, útiles, reais e prácticas, creo que estas Claves de Xosé Rúas constitúen agora o máis actualizado consello para candidatos que queren gañar”.

Luis Arroyo

Experto en comunicación política e asesor do Gobierno de España.

O AUTOR

Á parte dos seus artigos e conferencias sobre comunicación electoral e público-institucional, publicados en diversos congresos e revistas de ámbito académico, Xosé Rúas Araújo (Vilarnaz-Coles, 1970) é coautor, entre outros, dos libros *Cómo gañar ou perder unhas eleccións* (2004) e *Información, opinión e propaganda na prensa galega durante as primeiras eleccións da democracia* (2006). Nas eleccións municipais de maio de 2007 asesorou en materia de comunicación os candidatos dunha cidade e dúas vilas galegas. Os tres resultaron elixidos.

FICHA TÉCNICA

Título: QUERO SER PRESIDENTE

Subtítulo: CLAVES DA COMUNICACIÓN ELECTORAL

Autor: XOSÉ RÚAS ARAÚJO

PVP: 18,90

ISBN: 978-84-89323-22-3

Páxinas: 198

Medidas: 13 x 23 cms

Idioma: Galego

Encadernación: Tapa branda con lapelas, plastificada

Primeira edición: Febreiro 2008

Colección: Oeste [Ensaio & Divulgación]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52